

Mércores, 27 de marzo de 2019

Núm. 60

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEAREAS**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6 DA ORDENANZA FISCAL DE TERRAZAS*

#### *ANUNCIO*

Non téndose producido reclamacións ou alegacións ó acordo adoptado pola Corporación Municipal do 18 de setembro de 2018 sobre a aprobación da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, queda aprobada definitivamente dita modificación co seguinte texto:

*“MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS nos seguintes termos:*

Modifícase o artigo 6º “COTA TRIBUTARIA” quedando do seguinte xeito:

“Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.

No resto de casos, a cota tributaria será a resultante de aplicar a tarifa correspondente:

- Por ano; por cada m2 de terreo de uso público delimitado con mesas, cadeiras, tribunas, taboas, parasoles, tarros de plantas e outros elementos análogos. O ano; 35,89 euros.
- Por mes, por cada m2 de uso público delimitado cos mesmos elementos. O mes ou fracción; 3,03 euros.

A cota para mes aplicarase proporcionalmente aos días extraordinarios solicitados de conformidade no disposto no artigo 8 e 9 desta ordenanza.

En caso de existieren toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela base de cálculo.

Cando para o aproveitamento da ocupación de terreos de dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, se deben satisfacer cantidades económicas derivadas da adaptación da súa estrutura produtiva aos novos requisitos, e os obrigados tributarios fosen os contemplados no artigo 1.1 e 1.4 do PLAN DE ORDENACIÓN DA ESTETICA DAS TERRAZAS (Titulares de terrazas xa existentes que se encontren en rúas que sexan



Mércores, 27 de marzo de 2019

Núm. 60

humanizadas con posterioridade a obtención da licenza municipal de actividade; Ou titulares de terrazas xa existentes e autorizadas anteriormente a entrada en vigor deste Anexo, que se atopen en rúas non humanizadas, poderán continuar a empregar o mobiliario que xa tiñan, aínda que se desexan poderán cumprir os novos criterios de maneira voluntaria) as cantidades que resultasen da aplicación das anteriores tarifas, multiplicaranse por un coeficiente de 0,20 no primeiro ano dende a adecuación, e por un coeficiente de 0,20 no segundo ano.

Para a aplicación deste coeficiente, os interesados, con anterioridade á remuneración da taxa, deberán presentar solicitude ante a administración municipal.

Quedan expresamente excluídos deste suposto e non poderán acollerse a esta redución, aqueles que tendo o seu mobiliario adaptado á normativa, queiran fundar o seu dereito en gastos realizados con anterioridade a entrada en vigor deste artigo, xa que neste caso non se dá o requisito do prexuízo económico”.

*Recursos.*—Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, documento asinado electronicamente.